

a voz do pobo

¡Proletarios de todos os países unídevos!



Organo do Comité Central do Partido Comunista de Galicia

Editado polo P. C. G. ..

Ano IX

Núm. 22

Domingo, 27 do Marzal de 1977

Precio 10 pesetas

CAMACHO EN GALICIA



Marcelino Camacho con Eduardo Fernández e Waldino Varela, en Vigo (Foto «A VOZ DO POBO»)

A PRIMEIRO PLANO

OBTER O MASIMO NUMERO DE VOTOS E DIPUTADOS COMUNISTAS

Nin que decir ten que o Partido Comunista de Galicia, dende o momento que decide presentar os seus propios candidatos, plantéase **triunfar nas eleccións como partido político das clases traballadoras galegas**, conquirindo o máximo número de votos e de deputados comunistas.

Nunhas eleccións de transición coma as que se avencían, as posibilidades de voto de cada partido dependen moito da campaña electoral. A maioría dos electores, empezando polos traballadores, sector onde máis se va dar o voto comunista, non saben aínda de seguro por quén van votar. Decidirán, ou cambiarán de preferencia, ouvindo ós candidatos, nas discusións cos familiares e amigos, cos compañeiros de traballo ou cos veciños; ou lendo a propaganda electoral. ¿Quén pode afirmar hoxe en día o número de votos que vai sacar o PCG? Nós mesmos non o sabemos: está en grande medida en proporción directa co esforzo dos nosos afiliados (e co seu ritmo de crecemento), co esforzo dos nosos candidatos desde agora mesmo, e co apoio que nos presten os traballadores e o pobo galego. Teñámolo ben en conta.

Ademais do obxectivo específico e principal das eleccións: votos e deputados, estas son **oportunidade excepcional** pro ensanchamento do PCG ó largo e ancho de Galicia, e, a outro nivel, pra que os traballadores podan multiplicar a súa organización sindical de masas, especialmente os do campo e do mar polo retraso que levan deica hoxe, pra loita polas súas reivindicacións. Loita que contará coa nosa presenza, sempre.

E necesario repetilo: sin un **PCG electoralmente forte** dificilmente habería un PCG de masas e dificilmente incidirían a clase obreira e os sectores máis explotados da poboación, na dirección da política galega. Un PCG débil en canto ó resultado electoral afectaría negati-

por moi boa vontade que teñan, pra neutralizar e controlar o desmesurado aparato caciquil que asulaga Galicia. A lei electoral tiña que ter institucionalizado una Xunta Electoral de Galicia coa presenza nela dos partidos, tal como solicitou a Comisión Negociadora e dentro dela Valentín Paz Andrade.

Coidamos que un Pacto Galego amplo fará posible a **victoria dos partidos máis democráticos e firmes defensores do autogoberno de Galicia nas eleccións a deputados**, e que a lista electoral que preconice —onde terán que estar tamén personalidades independentes— pro Senado logre o bloque maioritario de escaños. Aillando deste xeito a Fraga, Fernández de la Mora e demais fascistas da Alianza «Popular».

vamente á causa autonomista e federalista galega, e ó futuro de estabilidade democrática e de socialismo en liberdade, pluralista, na nosa terra.

Tampouco as eleccións que han de vir despois: municipais, Asamblea Lexislativa Galega e as que teñan lugar a nivel de estado posteriormente á elaboración dunha Constitución democrática, deben restar atención i esforzos ás eleccións de xunio, que son as decisivas, xa que determinarán o cómo e o cándo das outras, xa que decidirán si a democracia se instala definitivamente neste país ou non, si a autonomía vai rexir en Galicia ou non, si vai cambiar a actual política económica antipopular ou non. En suma, si a ruptura democrática pacífica co pasado franquista vai ser realidade ou non.

Os comunistas de Galicia chamamos ós homes e mulleres dos movementos de masas: obreiros, campesinos, mariñeiros, veciños, mulleres, estudantes e profesionales, a que apoiem con toda a súa forza a campaña electoral do PCG que desde o día de hoxe a damos por iniciada.

Chamamos máis concretamente ós loitadores veteranos, moitos dos cales saberán de nós polas emisións de Radio España Independiente, ós xóvenes —i en especial ós xóvenes comunistas— ós emigrantes e ás súas familias, ás mulleres que teñen que xogar un papel fundamental na campaña electoral, co fin de que apoiem ós candidatos comunistas galegos ó Congreso de Diputados.

Pacto Galego POR UNHA UNICA CANDIDATURA GALEGA E DEMOCRATICA O SENADO

O Pacto Galego vai tomando forma. Sin tempo non era. Quedan xa moi atrás as velas divisións da oposición galega: Ademais do PCG e a AGSD, declararon o seu apoio ó «Chamamento dos 29» o PPG, PGSD, PSG, PSPG, PCAG e MCG, «consentes do intre histórico que estamos a vivir e da responsabilidade que temos contraída co noso país e co noso pobo».

Dacordo tamén con que non haxa hexemonía de ningún e con que os «diputados e senadores deberán loitar pra que o artellamento do Estado sexa federal, devolvendo a todos os pobos os seus propios órganos de autogoberno».

O mesmo tempo, o Presidente do PDG manifestou á prensa que suscribía e aprobaba o «Chamamento», anque este Partido parece inclinarse por ningunha clase de alianza electoral coa esquerda democrática galega. Por Galicia, desexaríamos que non fora así, cando menos no tocante ó Senado.

Na opinión do PCG o Pacto Galego que precisamos, pra conquistar as liberdades políticas e a nosa autonomía e pra conquistar a federación cos demais pobos de España, quér decir como mínimo:

1.—Unha candidatura única, democrática, galega, pra cubrir os escaños galegos ó Senado.


2.—Un compromiso solemne e público dos candidatos a deputados dos partidos firmantes de loitar polo programa do Pacto durante a campaña electoral, e no Congreso no caso de resultaren electos.

3.—A creación dun organismo que coordine e dirixa os acordos do Pacto, que moville ó pobo galego ó redor dos obxectivos comúns, e que seña soporte i embrión do que pode ser a Xunta Provisoria do Goberno de Galicia.

O PCG vería con bos ollos, por suposto, un bloque electoral democrático pro Congreso, si elo aínda fora posible.

Un novo organismo de partidos e personalidades independentes, pro cal temos como referencia o Comité Central pro Autonomía da II República, contribuiría decisivamente a que a campaña electoral se dera nun ambiente de distensión e de «non agresión» entre as diversas listas, nun ambiente de voto libre e de control democrático das urnas. Co debido respecto creemos que as Xuntas Electorais nias que pouco participan os partidos, son insuficientes,

No trasteiro da historia



Comunicado do III PLENO DO COMITE CENTRAL DO PARTIDO COMUNISTA DE ESPAÑA

Hoxe, 20 de marzal, reuniuse o Pleno do Comité Central do PCG pra debatir o informe político presentado por Santiago Alvarez, secretario xeral do Partido, que foi posteriormente aprobado, e pra discutir e aprobar a lista de candidatos dos comunistas galegos, e máis a táctica a seguirmos, cara as próximas eleccións, batalla política que constituíu o eixe deste Pleno do CC. do PCG.

Acordáronse, neste setido, as lineas xerais do Programa Electoral e do Manifesto Electoral do PCG, que serán editados e difundidos entre a poaboaçión galega o máis pronto posible.

AS AUTORIDADES CON FRAGA

No referente a situación política, a pouco máis de dous meses das eleccións o Comité Central denuncia a prohibición dun mítin en Ourense solicitado polo PSPG, partido xa legal, onde ían a falar o noso Partido e outros en favor da legalización de todos os partidos, prohibición que provocou a petición de dimisión do gobernador civil.

Denuncia a prohibición do mítin de Marcelino Camacho en Vigo e todos os actos organizados con motivo da súa visita a Galicia, que motivou por parte da Unión Sindical de Pontevedra de CC.OO. a petición de dimisión do respectivo gobernador civil.

Denuncia a detención de Evaristo Mújica e outros tres afiliados do PCG en Santiago cando vendían «A Voz do Pobo» nun posto público, e o secuestro do libro de Santiago Alvarez «Ensaio sobre o problema nacional de Galicia».

Estos feitos, antidemocráticos e represivos, coinciden coas facilidades, cando non foron declaradas complicidades, dadas polas máximas autoridades provinciais e municipais o señor Fraga Iribarne, e a Alianza Popular, para unha serie de actos e declaracións onde se atacou e incluso denigróu as forzas democráticas galegas (e mesmo a don Valentín Paz Andrade, re-

presentante de Galicia na Comisión Negociadora co Goberno), chegándose ó extremo de orixinar, con este proceder tan negativo, alteracións do orde público en algúns lugares.

O Comité Central, en aras da concordia e distensión que teñen que presidir as eleccións, esixe do Goberno medidas urgentes, na dirección do necesario desmantelamiento do Movemento e do verticalismo, que garanticen a igualdade de oportunidades para todos os partidos, especialmente pra os que vimos sendo perseguidos desde hai 40 anos polas nosas ideas democráticas, e a neutralidade das autoridades gubernativas en Galicia durante o proceso electoral.

PCG, LEGALIDADE

Neste orde, entende o CC. do PCG, significaría un paso histórico a legalización do Partido Comunista, que está sendo agardada con impaciencia pola opinión pública para os próximos días.

A legalización do PCE —que debe se simultánea coa de todos os demais partidos democráticos— implica a legalización do PCG, partido nacional galego que estando encadrado na estrutura do PCE dispón de total autonomía e responsabilidade decisoria en canto e elaboración e aplicación da súa política en Galicia. O que fixo innecesaria a presentación en Gobernaçión dos Estatutos do PCG, cuja vixencia e contido están previstos nos presentados no seu momento polo PC de España, de igua xeito que no caso do PC de Euzkadi.

Con todo, os comunistas galegos confiamos en que a nosa legalización supoña o fin da discriminación de que somos obxecto por parte das autoridades gubernativas. De feito o PCG sigue sin ter celebrado un soio acto público debidamente autorizado.

Por outra parte, o CC. do PCG valora positivamente a ampliación da amnistía concedida polo Goberno que deixa en liberdade a centos de presos políticos, i

entre eles ós presos galegos da cárcel da Cruña e ós presos vascos. Lamentamos, sin embargo, que esta medida non se haxa tomado antes e, sobre todo que non seña a amnistía total como solicitou a comisión negociadora e as forzas políticas en xeral, e que nin siquiera afecta, por exemplo, ós procesados despóis do 15 de decembre, que e o caso de Santiago Carrillo e Santiago Alvarez.

NA LOITA POPULAR

No referente ás loitas populares o CC. do PCG apoia a postura da Confederación Sindical de CC.OO. en contra das medidas económicas do 25 de febreiro, que son un ataque á estabilidade dos postos de traballo e non resolveu ningún dos problemas da crisis, e a favor da liberdade sindical aínda inefectiva, e chama a secundar as accións de masas que con tal fin convoque CC.OO. e as demais centrais sindicais.

O CC. do PCG saúda a vitoria que están a punto de lograr os veciños de As Encrobas na negociación que seguiu a súa decidida loita, que estivo ardeada da solidariedade galega e que costou a vida do noso camarada Emilio Suárez, militante da XCG, a quen rendimos homenaxe. Saúda a acción dos labradores de A Mocha, Baralla (Lugo) cos seus tractores, o final da meirande mobilización nunca feita polo campesiñado español. E apoia asimismo as reivindicacións dos campesinos e veciños afectados pola Autopista do Atlántico.

Santiago de Compostela, 20 do marzal 1977

Coa excepción, esta vez, do «Faro de Vigo» i «El Ideal Gallego», nin «La Voz de Galicia», «El Pueblo Gallego» e «La Región», dos demais diarios non temos noticia no intre de escribir esta nota, fixeron referencia algunha ó informar do comunicado, de todo o que decimos sobre o señor Fraga Iribarne e a parcialidade das autoridades.

A VOZ DO POBO

DIA 15 DE ABRIL: CC.OO. e USO convocan unha acción xeneral contra as medidas económicas do Goberno

As centrais sindicais CC.OO. e USO convocan unha xornada de protesta contra o Decreto de Relacións Laborales pro día 15 de abril. Esta convocatoria faise tamén ás demais centrais sindicais co fin de que sexa unha acción o máis ampla e unitaria posible. Esta acción non ten como fin

desentabilizar a situación socioeconómica pola que atravesamos o país, senón facer ver que o Decreto só favorece ós monopolios capitalistas en perxucio dos traballadores i empresarios medios.

Dous temas serán os eixes nos que se moverá a acción do

día 15. Por unha banda, a protesta contra do despido libre que, na actual situación de crisis económica e incremento constante do paro, supón unha provocación á clase obreira, e, por outra banda, a campaña pola liberdade sindical pra acabar dunha vez co carcomido sindicato vertical.

Candidatos o congreso de deputados

Damos noticia a continuación da precandidatura comunista galega a deputados. Son 22 nomes, faltan 5 máis pra cubrir as catro listas provinciais. Sobre a base do coñecemento de Lei Electoral —que aínda non se publicaron cando a xuntanza do C. C.— decidírase o orde dos nosos candidatos en cada unha das listas.

María Rosario Alabau Albors, profesora. Santiago Alvarez. Xosé Arias Carballo, campesino do Ribeiro. Rafael Bares, abogado laboralista. Carlos Barros, perito industrial. Xoán María Castro, traballador. Santos Costas, traballador. Carlos

Dafonte, licenciado en Ciencias Políticas. María Victoria Díaz Cabanela, mestra. Xosé Doldán Conchado, abogado de Carballo. Xosé Manuel Fernández Pérez, traballador. Celestino García Braña, arquitecto. Anxel Guerreiro, profesor. Xosé Manuel Iglesias, traballador. Gonzalo Iglesias Sueiro, mestre. Concha Lago Piñeiro, economista. Gonzalo Paz, médico siquiatra. Manuel Peña Rei médico. Rafael Pillado, traballador. Xesús Redondo Abuín, traballador. María del Carmen Rial Labatón, estudante. Waldino Varela, traballador.

ESTIVO de VISITA O MAIOR ENEMIGO DE GALICIA

Estivo en Galicia, a mediados de marzal, Manuel Fraga organizando a súa rede de caciques de cara as eleccións. Veu acompañado por xente de Madrid e aquí estivo sempre escoltado polo «cabalo de Troia» que Alianza «Popular» ten xa introducido en Galicia dende fai tempo, gracias a cadea de pseudopartidos que constituíen aquela plataforma electoreira: UDPE, ADE, DS, RD, etcétera.

Nesta ocasión a actividade proselitista de Fraga e dos seus amigos centróuse especialmente no Sur de Galicia (Ourense, Pontevedra e Vigo), con rápidas incursións nas vilas das que, sendo ministro, endexamais se preocupara (Verín, Lalín, Cambados, etc.).

Cando en 1930 os reaccionarios españois, cobixados baixo o estandarte monárquico, chegaron a Galicia en campaña de propaganda política pra rehabilitar a Monarquía do desprestixio en que caíra polo apoio prestado a dictadura primorreverista corréu sangue polas ruas luguesas. Viñan Calvo Sotelo, o dictador fracasado, e José Antonio, o aprendiz de fascista. Pero o pobo non tolerou o engaño; perseguiu ós políticos deica fora da cidade. Agora, en cambio, Fraga e os seus poideron actuar na máis absoluta impunidade, séndolles ofrecida toda clase de facilidades, tanto polas entidades públicas como privadas. Mentras tanto, a Marcelino Camacho foille negado o permiso oficial pra presidir un mítin de CC.OO. en Vigo, no parque de Castrelos; apenas lle consentiron celebrar unha cena cos amigos e colaboradores máis próximos. Esta é a igualdade de oportunidades que o Goberno ofrece a todos os cidadáns.

Fraga chegou, dogmatizou e foise: Coma o cabalo de Atila, coa esperanza de que non naza máis herba donde él pon o pé. Soberbio e agresivo como sempre, ten un soio enemigo po-

lítico: a democracia, o comunismo. E tamén un soio obxectivo: facerse de novo co poder, esta vez como dono absoluto, coadiuvado polos seus «camaradas», os chamados vulgarmente «7 magníficos», que inventaron con él o tinglado de Alianza «Popular». Fraga afirma reiteradamente que él non ten nada que ver co Movemento, que non pensan servirse dél nas eleccións, pero calquera pode comprobar como os prohombres do partido único, do sindicalismo vertical, das Hermandades, da Falange vánse pasando a A «P». Fraga dí que A «P» non ten ningunha relación coa Banca, pero os de afora non conseguimos esplanarnos de onde lle ven o diñeiro pra unha campaña de tales dimensións, xa fai tempo comenzada, e que leva trazas de ir en aumento deica as eleccións. Mentras, a sorte de moitos partidos democráticos sigue pendente dos tribunales.

Fraga, autócrata de toda a vida, permitíse insultar, coma si fose un bo democrata e membro da oposición desde sempre, a outros líderes políticos que non medraron, coma él e tantos outros, politicamente, a sombra da dictadura. Fraga afirma finalmente que Galicia non supón ningún problema específico e que nunca lle foi millor que estivo xunguida ó carro de Madrid. Xa sabemos o posto que pretende reservarse, no caso de que él triunfe. Fraga é, pois, galego —incluso se abaxa a falar galego cando o interpelean nesta lingua— pero galego de «pila bautismal», como ben dixo V. Paz Andrade, na súa resposta ós ataques nerviosos do candidato a dictador, resposta que, hai que decilo, foi celebrada pola opinión pública.

Fraga pretendéu ser Cánovas, o inspirador da primeira restauración monárquica, mentras estivo no goberno. Pero, unha vez caído en desgracia, está claro o «animal político» que é.

D. NIEBLA

O FILLO DE BREOGAN

Por PEPE - 77



PEPE 77A

APOIO POPULAR Ó PCG

Si se cumpren as previsiós o PCG será legal cando o lector lea estas liñas, xunto cos demais partidos democráticos galegos. Agardamos que así seña.

Si así é: a liberdade empeza verdadeiramente pro noso pobo galego.

O Partido Comunista non se diferenciará entón de efectos legais de calquer outro partido, seña de esquerda, centro ou dereita. As leis legais protexerán o dereito dos cidadáns a afiliarse ó PCG ou a votar comunista nas eleccións. Acabouse o tempo da clandestinidade e ilegalidade, que reducía o acceso dos galegos as filas do seu PC. e que restrinxía enormemente a posibilidade de que a xente nos cruzara polo que somos e queremos.

O Partido Comunista non é un partido máis. Sempre estivo ás duras e ás maduras. Non se organizou pra procura de votos, uns meses antes de que se poidera votar en España i en Galicia. Fundouse, no seo do pobo traballador, hai 57 anos, pra loitar por unha sociedade libre sin explotación de ningunha sorte, e pra defensa das reivindicacións inmediatas populares. O PC non busca o poder como un fin en si mesmo. O noso programa electoral non é novo, son as mesmas reivindicacións que tantas veces nos levaron á carcel ou polas que fumos despedidos das empresas nos tempos de Franco, cando loitar pola liberdade e pórse ó frente das masas traballadoras na súa loita reivindicativa, traía consigo soio represión.

Todas estas verdades explican porque somos tan atacados pola dereita incivilizada e, as veces, tamén, deplorablemente, por partidos e tendencias democráticas —algunhas de esquerda inclusive— que se reconstruíron ou naceron últimamente, soio de todo despois da desaparición de Franco.

Sin embargo, non desenfocamos o tema: a negra man que dirixe a calumniosa organización, o anticomunismo, a moven os detentadores do diñeiro e do poder, os mesmos que planificaron toda unha vida (40 anos) de represión anticomunista e antidemocrática.

Nos tempos de hoxe, conforme avanza a democracia, van caendo as veladuras. Vaíse vendo á luz do sol que son os que atacan ó PC, de onde veñen e por onde queren que vaímos. Abonda, logo, con que cada persoa pense coa súa propia cabeza sobre esta e outras teimas herdadas da noite do fascismo.

PRA ELABORAR UNHA CONSTITUCION DEMOCRATICA


Podemos afirmar que nos atopamos de cheo no proceso electoral. En efeuto, as eleccións xerais anunciadas para xunio acaparan a atención de todas as forzas políticas, do conxunto dos pobos do Estado español.

Ante ditas eleccións o primeiro problema que se nos plantea ás forzas da oposición é si van celebrarse nun marco de liberdade ou non. En definitiva si vamos ter democracia ou non.

A primeira gran tarefa da oposición democrática é desenrolar de xeito unitario unha actividade ininterrompida en torno do establecemento das libertades políticas e nacionais, e de maneira particular pola legalización de todos os partidos e organizacións sindicais sin excepción. Neste senso, as eleccións debe ser, desde a óptica das forzas democráticas, un gran proceso de mobilización da opinión pública e máis de unidade de oxetivos das forzas de oposición co fin de lograr a traveso delas a liberdade, de facer posible a alternativa democrática e conquistar así que esas eleccións teñan un carácter constituente.

En efeuto, non se trata de opoñer a unha alternativa de dereitas unha alianza de esquerdas. Trátase, de conquistar a democracia, de establecer un marco democrático que posibilite rematar coas leis e institucións franquistas, todavía en vigor, e permita elaborar unha constitución auténticamente democrática.

E decir, trátase de conquistar que estas eleccións convirtnan unha alternativa, non entre a dereita e a esquerda, sinon nunha alternativa entre as for-



ANXEL GUERREIRO

zas democráticas da dereita, centro e máis da esquerda, fronte as forzas do réxime, fronte á clase política que quere seguir controlando monopolísticamente o aparello do Estado, facer os mínimos retoques posibles a aillar as forzas máis consecuentemente democráticas.

O gran logro, que sería conquistar esa alternativa, empezou a materializarse o 21 de novembro pasado, cando desbaratando as maniobras de Suárez, consistentes en atraerse a unha parte da chamada oposición moderada, constituíuse un amplo consenso ó redor dos sete puntos mínimos que deberán concurrir pra que poidera falarse de eleccións limpas.

E' claro que pra poder establecer as libertades políticas e na-

cionales, pra elaborar unha constitución democrática, non pode racharse a ampla unidade de conquista entón, oxetivo este que denodadamente persigue o Goberno; pola contra esa unidade debe de ser todavía ampliada, estendida, pois os fins pra os que nacéu siquen aínda sin ser conquistados.

Esta é, entre outras, unha razón fundamental pola que o PCE, e máis o PCG, siquen, o primeiro como Partido e nós apoiando a Paz Andrade, na Comisión Negociadora da oposición. Chegado o momento esa Comisión, que hastra agora non ten arrancado conquistas esenciais podería converterse, ante a unilateralidade coa que aítúa o Goberno, na plataforma de alternativa democrática. En outras palabras, no contosto de hoxe, podería converterse na expresión máis avanzada do Paco pola Liberdade.

O PCG non sería contrario a unha ampla alianza electoral que ebarcase dende a dereita e os centros democráticos hastra a esquerda pra opoñerse con éxito a forzas neofranquistas. Pero en ningún caso somos partidarios de un fronte esquerdista, fácilmente vulnerable, que desvirtuaría e non situaría no centro da campaña os oxetivos que son primordiales hoxe, e que ademais podería enfrentarnos con sectores da oposición democrática galega, dividindo hoxe, e ceceais pra o futuro, as forzas capaces de loitar polas libertades democráticas e nacionais.

Por ANXEL GUERREIRO

Coa Lei Electoral na man

Combatir ó caciquismo

El Partido Comunista de España considera que a pesar de los defectos que existen en la Ley Electoral promulgada, ésta podría resultar en su conjunto aceptable si se enmarca en un clima de libertades. Leemos nunha nota da secretaria de prensa do PCE (subraizados de AVDP).

¿Cáles son os defectos? Costa pouco dar con eles: non se reconece o voto ós 18 anos, tres semanas somentes de campaña, os partidos están moi pouco representados nas Xuntas Electorales provinciais —2 de 8, que son acordados polo Presidente en base a unha proposta conxunta de todos os candidatos— e nada na Xunta Electoral de zona (que ven sendo o partido Xudicial, a comarca) non se preveen Xuntas Electorales a nivel de nacionalidade, etc. etc.

A Lei non é 100% democrática, porque estas eleccións non van ser 100% democráticas, polo tanto facilita a actuación do caciquismo, pero tamén permite a intervención dos partidos democráticos para neutralizar o pucherazo e a desigualdade de posibilidades.

Por iso, entre outras razóns, é aceptable. Cada militante de mocrata, cada militante comunista, ten que estudar a Lei para coñecer as súas posibilidades. Maiormente os artigos que van do 78 en diante, onde se falan dos «delitos e infraccións electorales».

Por exemplo, os funcionarios que causen voluntariamente perxucio a un candidato (nosso c doutro partido) ou usen a súas competencias para os seguintes fins: «quienes con re-

compensas y dádivas o promesas soliciten el voto de algún elector...; quienes realicen actos y omisiones contrarios a lo establecido en la ley con objeto de cohibir y presionar sobre los electores...». Ises funcionarios «incurrirán además en inhabilitación especial para cargo público», o «además» refírese que «será castigado con arresto mayor» calquer ciudadano que cometa tales delitos.

Outros delitos, penados polo Código Penal (artículos 302 e 303): «realizar con inexactitud el recuento de electores en la formación del Censo y lectura de papeletas...; faltar a la verdad en manifestaciones verbales en un acto electoral; votar dos o más veces, utilizar nombre ajeno, o hacerlo sin capacidad legal; consentir que estos votos inválidos se produzcan...»

¡Non van chegar as cárceles para meter ós de Alianza Popular e outros dereitistas como se aplique ó pé da letra o antedito!

O delegado da Xunta Electoral de zona en cada municipio é o secretario de Axuntamento. A maior parte deles son franquistas e caciques.

Todos os partidos da opsição democrática temos que unirmos pra combatir os delitos electorales.

O pesimismo dalgús grupos coa Lei Electoral na man. da oposición non ten máis significado que ir vencido á loita, ou a desconfianza no propio arraigo popular. O PCG, partido de esquerda, confía nas súas propias forzas, e utilizará todos os resortes pra ir impondo un sufraxio universal limpio.

FAISCAS NA NOITE

Por XESUS ALONSO MONTERO

A dirección de «A Voz do Pobo» pídemme unha serie de traballínos, invitación que eu acepto cun xesto que está máis alá da disciplina. Decontado penséi —pensamos— que o mellor era inscribir as miñas entregas no marco dunha sección, sección que esixe, naturalmente, un título e que é o que encabeza estes renglóns. De hoxe en diante —i as tarefas es os atafegos non desbordan ó autor «Faiscas na noite» chegará con puntualidade á cita.

¿Por qué bautizo esta sección de semellante maneira? Pódovos decir que caviléi o meu pra atopar un nome amañado, aínda que a alguén lle sone a título con pouso xeito. Pro ¿úlo?

Foi no ano 1962. Galicia era moi difícil de dibuxar pois estaba cuberta de néboas mestas e de nubés que levaban no seu bandullo o trono e o lóstrego. As veces o lóstrego esnaquizaba vjdas (pensade naquel home mozo de Mazaricos, Xosé Esperante, que morre, diante dos xendarmes, defendendo o seu gando). Galicia, de certo, vivía na néboa e na noite, vivía baixo lousa da feitura dun mapa terrible. Nesta Galicia de lousa, de néboa, de pedra e de noite, un gran poeta noso, Celso Emilio Ferreiro, escribe nese ano 62 un libro «Longa noite de pedra».

O longo desa noite pecha, que abrangue corenta anos de hixtoria, Galicia foise desencrequendo inorde, foise esparguendo pouco a pouco. Hoxe, 1977, xa non é noite pecha; hoxe agroman, aquí e acolá, luciñas cada vez máis vivas, luciñas que son coma vagalume que camiñan cara o día.

Certamente aínda non alboreceu, aínda non rompéu ou abriu o día, aínda non alumbrígoú, nembargantes é certo, ben certo que estamos á porta do alborcer, que xa estamos á carón

do mencer. A noite esmorece, da as boqueadas, e o da xa casi se toca coa man coa punta dos dedos.

Pois ben, como estamos nesta hora de entre lusco e fusco, como estamos aínda na noite, pro nunha noite que non é pecha e na que burbullan un enxame de moxenas lizgairas, esta sección titularase «Faiscas na noite».

Faiscas, compañeiros, son as chispiñas que saen do lume se cadra pra fermosear o fume mesto das lareiras. Chámanse noutras terras de Galicia «charamuscas», «charetas», «moxenas», «muxicas»... En ruso diríase, máis ou menos, «iskra», palabra coa que Lenin refuxiado en Suíza, bautizóu en 1900 un periódico de moita sona.

Algún día, axiña, as faiscas serán tantas que non haberá fume, nin néboa, nin noite. Será o mencer, a alba do día, o sol camiñando polos curutos dos montes. De tódolos xeitos mentras chega ese mencer, a sección titularáse «Faiscas na noite». Nestas «Faiscas» falaremos de historia, de libros, da xente común, de viaxes, de feitos miudos, de xestos, de soños... de mil cousas. Moitas veces non haberá política, o tema non será político, pro sempre estas páxinas entenderán a cultura —xa o deca o meu desconocido mestre Pedro Petouto— «como unha cousa que abre os ollos».

E si a Cultura abre os ollos, compañeiros, a cultura ten decididamente unha dimensión política.

Conversa con Ramón Valenzuela

(Viene de la última)

R. V. —Compre falar de miles.

AVDP. —¿E posible encher todos os postos?

R. V. —Pra iso estamos.

AVDP. —Supoño que teredes dificultades en Axuntamentos arredados onde a noticia que ten chegado do Partido Comunista é pouco menos de que temos cornos e rabo e que o que queremos é destruílo todo e quitarlle as vacas ós campesinos. En fin, a onde chegaron mentiras repetidas dende hai 40 anos.

R. V. —Hai unha masa de xente despolitizada, que ten de nós a idea que lle dóu o franquismo, pero asegúñ imos chegado a sitios, vemos que a xente non é parva como pensan os caciques. Imos tendo sorpresas en todas as partes por on-

de camiñanos coa nosa verdade, porque a verdade é o noso mellor instrumento.

Pola Televisión, e por outros medios de difusión, díxéronse xa hai tempo que non lles creen nada, e cantas máis lles digan, máis se lles revira contra deles. O franquismo perdéu o creto.

AVDP. —Pero, se non nos legalizan non poderemos esclarecer as cousas como é debido...

R. V. —Se non nos legalizan é un feito que vai por conta deles. Non lles convén e non temos razón pra pensar que sexan parvos, porque se nos negan a legalidade e despois van falando de democracia a xente botáralle a risada e verá outra mentira máis.

AVDP. —Queres decir que ganaremos as eleccións...

R.V. —Eu non son meigo...

RECUPERAR A NOSA HISTORIA

EL MELICIANO GALLEGO

¡Milicianos galegos...!

¡Adiante e Terra a nosa!

O terceiro artigo é parte do discurso que Santiago Alvarez pronunciou ó traveso da emisora E.A.4.T.N. (Madrid 4 Terra Nosa) o día 25 de abril do 1937 con motivo da inauguración da devandita emisora, e que ven recollido no número 16 do Meliciano Galego:

«Galegos antifascistas: Irmáns tamén de Galicia oprimida i explotada pola bestia fascista.

Voume dirixir a vós por medio deste micrófono, pra deciros cómo loitan os que queremos unha Galicia sin caciques e sin miseria. Dende o primeiro día do movemento, os galegos loitamos coas armas na man en contra dos que queren volver España ós tempos da inquisición.



S. Alvarez naquel entonces

Agora, vendendo ó estranxeiro, queren que a España toda, que Catalunya, que Vasconia, que Galicia, a nosa terra tan querida por nós, quede convertida nunha colonia coma Abisinia.

Galegos dá América, os soldados galegos, millares deles encadrados desde o primeiro día nas unidades de combate, loitan na primeira fila pola defensa de España, pola liberdade da nosa Galicia.

Vós tedes o deber de axudarlos, moral e materialmente; moralmente, dicíndolles a todos a razón que teñen todos os españois pra loitar contra a invasión descarada do fascismo estranxeiro no noso país, e materialmente, axudando ó Goberno de España, facendo donativos en favor dos que combaten, e prós orfos e viudas dos que foron vítimas da represión brutal na nosa terra.

Irmáns de América, centenas de vós podeades facelo, axudade ós bravos galegos que loitan aínda nos montes de Galicia contra o fascismo; axudade ós guerrilleiros que nas montañas de Galicia loitan contra á invasión estranxeira.

Movilizadeos todos en favor de causa que defendemos todos os pobos de España que é a causa da Paz e do Progreso.

Galegos, irmáns que sufrides a opresión, a miseria e a vergonza do fascismo en Galicia; aquí en Madrid, en todos os frentes de España, estamos millares de homes que loitamos coas armas na man pola liberdade de Galicia, por desterrar de España ó fascismo invasor. Non desmaieades, irmáns queridos, loitade como podades en contra dos inimigos, dos inimigos do pobo.

¡Galegos de todo o mundo, homes, mulleres, nenos, solda-

dos, irmáns todos, loitar todos a unha pola liberdade de Galicia, pola independencia nacional de España! ¡Viva Galicia Ceibe!

Como xa se sabe, foi detido nunha das capitales galegas, e foille formado consello de guerra, no que non lle puideron achacar mais delito qu'ó de amar á súa terra, a Galiza. Sin embargo foi condeado a ser pasado pol-as armas, depois d'un longo discurso do fiscal, qu'ó noso camarada ouvíu impasible; pro toda a súa impasibilidade caeu cando ouvíu o fiscal que facía a petición da derradeira pena, fundándoa no delito de treición. Entón Bóveda erguéuse do infame banquillo, e con palabras cheas de dignidade, vestida toda a súa figura d'unha areola de gallardía, interrompiu o fiscal e dixo bruscamente:

—¡Traidor, nunca; toda a miña vida se chama Galiza. Meus pensamentos todos non foron máis que pra Hespaña!

Isto son os homes nosos. Homes que saben morrer ollando cara a cara a morte; soilo pode morrer así un home que leve no fondo da i-ama o espírito de sacrificio que é perciso pr'os que sinten toda a fondura d'un ideal coma o que sentía Alexandre Bóveda».

O segundo traballo é unha poesía de Ramón Cabanillas titulada: «Os loitadores galegos» que aparece no número 16 de 30 de abril do 1937:

«O Sanguie de Galicia floreceu nunha rosa. Era fror é a Milicia que nesta nova aurora abreuse ó sol e ó orballo tinguida de luz rosa. Seus fillos son os rexos lexionarios de aurora. Son os bos lexionarios que loitaron con gloria, no cume do Medulio da forte terra nosa, contra as lexións de ferro da abasallante Roma. Como no tempo antergo tamén temos agora diante de nos os fillos da sanguineta loba. Máis nos partidos peitos arde a invencible forza que forxou as bruantas vegadas trunfadoras. ¡A Libertade nunca perdéu ningunha loita! Hoxe, como denantes, o cálam da Historia rexistrará nas súas ourilicentes follas os alteiros feitos, as fazañas heroicas que as vosas mans de ferro, do traballo callosas, están labrando a pico nas terras españolas. ¡Milicianos! ¡Vai nelo, debítese na loita, o camiño glorioso da Humanidade nova, a fartura e ledicia de searas e chouzas, o prestixio da raza, e, máis que todo, a honra da Galicia que un día nos arrolóu mimosa.

¡Milicianos galegos xa cubertos de gloria!
¡A Libertade nunca perdéu ningunha loita!

Un dos feitos máis significativos e, ó mesmo tempo, pouco estudados na nosa historia é a creación das Milicias Populares, nos primeiros días da Guerra Civil. En Madrid, unha destas Milicias foi a Milicia Galega que estaba composta por voluntarios galegos que atopábanse naqueles primeiros días da sublevación na capital de España, sendo unha das súas primeiras accións á participación na toma do Cuartel da Montaña.

Nos meses seguintes as Milicias Galegas foron incrementándose coa chegada de galegos de todo o territorio republicán. Tamén, da mesma Galicia viñeron moitos, salvando toda unha serie de riscos a encadrarse nas súas filas.

Pouco despois, coa creación do Exército Popular, as Milicias Galegas integráronse neste e formaron o Batallón Galego, concretamente o IV Batallón da Primeira Brigada Mixta ás órdenes de Lister, e cuio comisario político foi Santiago Alvarez.

Do espírito combativo deste batallón pode dar idea o feito de que ó principio da guerra estaba formado por 1.500 homes e tan só pasaron a fronteira francesa, ó final da guerra, 150.

Desde o primeiro intre da súa creación o Batallón Galego contou co seu voceiro: «EL MELICIANO GALLEGO», cuio princi-

pal animador foi o mentado Santiago Alvarez. O periódico, escrito en galego e castelán, tiña carácter semanal; contaba cunha estrutura propia de redacción, e nel colaboraron escritores como: J. Tejada, A. Reguera, Diego Alba Cotrina, J. R. Barcia, Masferrer i Cantó; poetas como Ramón Cabanillas, Senén Alvarez; artistas como: Clavo, Briones, Aníbal Tejada, Espert, Oliver, Parrilla, Kantós. Capítulo importante foron as colaboracións espontáneas dos homes do Batallón.

No semanario van saíndo os feitos máis importantes da guerra nos que toma parte o Batallón, así como a situación política e social, na que, naqueles intres, atopábase Galicia (relatos de evadidos, listas de caídos, chamamentos ó pobo galego pra loitar contra do fascismo, etc.). Iomos reproducir tres pequenos artigos que poden ser unha mostra do que era «El Meliciano Galego».

O primeiro é unha lembranza de Alexandre Bóveda, asesinado en Pontevedra nos primeiros días da sublevación. Aparece no número 15 correspondente ó 9 de abril do 1937:

«NA MORTE DE ALEXANDRE BOVEDA: Non podo por menos de escribir unhas liñas que sirvan pra que cheguen ós oídos de todos os galegos, a autitude heroica do conecido galeguista Alexandre Bóveda, que foi encarcerado polos mercenarios de 'xeneralito'.

Ramón de Valenzuela é un home de longa traectoria na loita pola liberdade da Nosa Terra. Militante nos anos 30 nas filas do Partido Galeguista, participou activamente nas loitas electorales da II República, principalmente nas eleccións do Frente Popular e na campaña pro-Estatuto de Autonomía, que como todos saben foi plebiscitado o 28 de xunio de 1936.

O estallar a Guerra Civil, alístate no Exército republicán, loitando en varios frentes hasta que pasa a Francia no ano 39 onde é internado nun campo de concentración. A pouco de chegar alí, a policía nazi o entrega ás autoridades españolas as cales o condenan a morte. A sentenza non se cumpre e pasa varios anos na cárcel de Avila onde da clases ós demais presos.

O saír da cadea, vaise a Ar-

xentina. Alí será un compañeiro asiduo de Castelao hasta a súa morte no 51. Nos anos 60, afilíase o Partido Comunista, e a mediados desa década volta a España onde prosigue a súa loita pola liberación de Galicia, o traveso da súa actividade política e dos seus libros.

O feito de ser un home con esperiencia nas custións electorales «O día dos cen mitins nunca o esqueceréi», e unha das frases que abonda en dicir cando fala da campaña do Plebiscito de Estatuto— e de ser membro da Comisión Central Electoral do PCG son as razóns que nos movern a ter unha pequena conversa con él.

AVDP.—Dime, Ramón ¿qué quer decir ese nome tan longo de Comisión Eleitoral Técnica de Instrución e Cobertura?

R. V.—Pois quer decir o que di: é unha comisión que fun-

ciona no período electoral que se ocupará de facer saber os nosos militantes como teñen que facer denantes da elección, na elección e despóis da elección pra que poidan votar todos os nosos amigos e pra que non lle poidan roubar os votos. O de cobertura está ben claro, que verá o xeito de cubrir todos os postos das mesas electorales, procurando que non falte ningún e que non haxa catro onde compren tres.

AVDP.—¿Son moitas as mesas electorales?

R. V.—Se descontamos as cidades, que teñen moitas máis, tócanlle a un pormedio de quince por axuntamento rural, máis ou menos. En algúns coma na Estrada, máis do dobre.

AVDP.—Logo é moitísima xente...

Pasa a la pag. 3)

«O FRANQUISMO PERDEU O CRETO»

CONVERSA
CON
RAMON
DE
VALENZUELA